

PROGRAMA TEMPOS DE MULLERES PARA AS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Resumo do proxecto

Tempos de mulleres é un programa que pretende formar as mulleres dun xeito ameno e divertido a través da participación dinámica e de relación.

O proxecto consiste na realización de módulos de formación e no intercambio de experiencias no eido do asociativismo co fin de incorporar o enfoque de xénero e promover a igualdade nas comunidades galegas no exterior.

Xustificación

A consolidación das sociedades democráticas require espazos de relación e mecanismos que favorezan a participación en igualdade de condicións entre homes e mulleres. O exercicio da cidadanía precisa de condicións múltiples, entre elas o acceso á información e aos recursos. As comunidades galegas no exterior teñen garantido e promovido a incorporación de voces plurais nas sociedades de acollida. Malia o papel fundamental no desenvolvemento e no impulso das redes de acollemento, as mulleres galegas precisan no exterior dun recoñecemento e dunha redistribución de tempos e espazos que favorezan a súa incorporación plena en todos os eidos incorporando, deste xeito, novas demandas e formulación de propostas.

A metodoloxía que emprega o programa:

- a – Combina aspectos teóricos e prácticos.
- b – O enfoque de xénero determina un desenvolvemento das sesións participativo.
- c – As participantes son as protagonistas.
- d – O traballo grupal é o eixo vertebrador da aprendizaxe.

Obxectivo xeral

- Promover a participación igualitaria e a incorporación do enfoque de xénero no seo das comunidades galegas en Arxentina e en Uruguai.

Obxectivos específicos

- Dotar ás mulleres de habilidades e estratexias para que poidan protagonizar activamente o seu desenvolvemento persoal e social dentro da comunidade.
- Potenciar a análise da realidade dende unha perspectiva de xénero.
- Coñecer e reflexionar sobre as estruturas e mecanismos que permiten e fomentan a asimetría de poder entre mulleres e homes.

EDICIÓN 2008

Obxectivo xeral

Promover o desenvolvemento e a aplicación do enfoque de xénero no seo das comunidades galegas en Arxentina e en Uruguai.

Obxectivos específicos

- Favorecer o desenvolvemento das asociacións das comunidades galegas dende a igualdade
- Impulsar espazos de encontro e de intercambio de experiencias entre o movemento asociativo de mulleres galegas e as das comunidades galegas no exterior
- Dotar de ofertas de formación, de encontro e de lecer específicas para as mulleres galegas no exterior

Accións

- Estadías no Centro de Formación e Encontro de Mulleres en Panxón
- Módulos de formación *Programa "Tempos de Mulleres"*
- Xornada de Intercambio de Experiencias

Destinatarias – Mulleres asociadas nas comunidades Galegas no Exterior en Arxentina e en Uruguai.

Duración temporal – 2008

Son TEMPOS DE **MULLERES**, son...Tempos para compartir, para partillar, para soñar... Tempos para saír da casa, para formarnos, para valorarnos e valorar o noso contorno... Tempos para coñecérmonos e coñecer o noso pasado, tamén para planificar o noso futuro... Tempos para pensar xuntas sobre nós mesmas...


<http://vicepresidencia.xunta.es>
www.igualdadegaliza.org
igualdade@xunta.es



FONDO SOCIAL
EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



TEMPOS DE **MULLERES**
PARA AS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

XUNTA DE GALICIA